



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/10/2009 12:26  
Nº Rexistro: 10619  
Data envío: 14/10/2009 12:26:53.725


## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** por iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo e Ana Luisa Bouza Santiago,** ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión,** relativa o recorte do servizo de transporte sanitario non urxente na comarca do Barbanza.

A chegada do PP á Xunta de Galiza estase traducindo nun recorte dos servizos públicos. Un exemplo destes recortes atopámolo na comarca do Barbanza, onde se está limitando o acceso ao transporte sanitario non urxente. Segundo denuncian os propios pacientes, a consecuencia directa desta decisión é a anulación de consultas e problemas na xestión das urxencias e traslados ao Hospital Clínico. A Consellaría de Sanidade actúa de xeito irresponsábel dificultando o acceso a un servizo básico como é o do transporte sanitario e, polo tanto, prexudicando a moitas persoas que teñen problemas de mobilidade, que ven restrinxindo un servizo do que antes dispoñían.

É preocupante esta actitude da Xunta de Galiza, constitúe un paso máis no deterioro dos servizos públicos. Mais alarmante –se cabe– é que a resposta da Consellaría de Sanidade sexa “estase traballando para mellorar este servizo”, evidenciando unha singular concepción de como se melloran os servizos públicos.

Desde o BNG consideramos que é necesario dar unha solución a este problema, garantindo a atención de toda a demanda deste servizo.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/10/2009 12:26  
**Nº Rexistro: 10619**  
Data envío: 14/10/2009 12:26:53.725

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para garantir a cobertura da demanda existente na comarca do Barbanza de transporte sanitario non urxente, apostando pola prestación pública deste servizo.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada e portavoz s. do G.P. do BNG.

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 14/10/2009 12:14:38**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 14/10/2009 12:14:41**